

# PAU (MAIORES DE 25 ANOS). MARZO 2021. HISTORIA DA ARTE. CÓDIGO 21.

## EXAMEN RESOLTO

**1.- Analiza, situándoa no espacio e no tempo, a obra reproducida na fotografía / Analiza situándola en el espacio y en el tiempo la obra reproducida en la fotografía (4 puntos).**

a.- Identificación, autoría, estilo e cronoloxía. (1 punto).

A familia de Carlos IV.

Francisco de Goya y Lucientes.

Neoclasicismo.

Século XIX. Primeiro Tercio 1800.

b.- Contexto histórico (1 punto)

Trátase dun retrato da familia real de Carlos IV, efectuado uns anos antes da Guerra de Independencia. A dinastía borbónica iniciada por Felipe V, coincide no caso de Carlos IV có momento en que en Francia se está a desenvolver a Revolución, namentras que a monarquía española segue inmersa nos criterios absolutistas.

Esta situación, previa á invasión napoleónica, supuxo un momento de inestabilidade para a coroa, xa que os acontecementos revolucionarios franceses –en particular a execución de Luis XVI- tiveron como consecuencia diversas conspiracións contra o rei. En 1808, con motivo do motín de Aranjuez, o monarca abdicou no seu fillo Fernando VII.

c.- Análisis da obra. Aspectos a destacar. (2 puntos).

c.1.- Relación deste retrato real cós retratos do mesmo xénero anteriores: retrato de Felipe V de Van Loo, As Meninas de Velázquez.

c.2.- Descripción da escena: espacio donde transcurre, persoaxes que participan nela: Carlos María Isidro, o príncipe de Asturias, a Infanta María Josefa, unha princesa non identificada, probablemente a prometida do futuro Fernando VII, a infanta María Isabel, a raíña María Luisa, o infante Francisco de Paula Antonio, Carlos IV, o infante Antonio Pascual, a infanta Carlota Joaquina, Lusi de Borbón-Parma e a infanta María Luisa Josefina co seu fillo Carlos Luis. Tamén se debe incluír o retrato de Goya, imitando a posición de Velázquez nas Meninas.

c.3.- Rasgos máis salientables: o realismo descritivo dos retratos, sin intención caricaturesca; a posición do pintor que, dende a súa posición, pode retratar a

familia; aspectos compositivos en comparación coas Menias: posición da raíña María Luisa, no centro da composición, como a infanta Margarita velazqueña, a parede do fondo con grandes cuadros, a posición do artista có seu cabalete; la omisión de elementos fundamentales en las Meninas como a porta aberta no fondo ou o espello; a concepción do espacio como un ámbito pechado e hermético.

**2.-Tema. A Catedral de Santiago como exemplo da concepción e da evolución da arquitectura e da escultura románica. (4 puntos).**

a.- A catedral como exemplo de concepción e evolución arquitectónica. (2 puntos)

a.1.- A catedral de Santiago no contexto do camiño de Santiago.

a.2.- A catedral de Santiago como exemplo de templo de peregrinación. Citar exemplos como San Martín de Tours ou Saint Sernin de Toulouse.

a.3.- Descrición da planta do templo: cruz latina, xirola, capelas absidais, naves, bóvedas de canon, arcos de medio punto, triforio.

a.4.- Fases da construción da catedral compostelana dende 1075 ata a súa consagración en 1211.

b.- Evolución da escultura románica . (2 puntos).

b.1.- Características xerais da escultura románica.

b.2.- Localización dos elementos escultóricos mais salientables na catedral compostelá: Pórtico do Paraíso, Porta de Praterías, Pórtico da Gloria.

b.3.- Descrición dos elementos iconográficos máis salientables de Praterías: iconografía xeral, esceas da paixón de Cristo, muller con caveira.

b.4.- Descrición dos elementos iconográficos e estruturais do Pórtico da Gloria: autoría do Mestre Mateo, descrición do arco central, parteluz e arcos laterais.

**3.- Define os seguintes conceptos / Define los siguientes conceptos (2 puntos, 0,5 por concepto).**

a.- Arco apuntado / Arco apuntado.

Tamén chamado arco oxival. Está composto por dous tramos de arco que forman un ángulo central na chave. O arco apuntado transmite os empuxes laterais mellor que o arco de medio punto e acentúa a sensación de verticalidade. É característico do estilo gótico.

b.- Baptisterio / Baptisterio.

Edificio exento, de plan central, destinado a administrar o bautismo.

c.- Capitel corintio / Capitel corintio.

Terceiro dos ordes arquitectónicos clásicos, xunto co dórico e xónico. O capitel está situado sobre o fuste da columna e sostén directamente o arquitrabe ou un arco. Consta de volutas, caulículos e rosetas.

d.- Rosetón / Rosetón.

Vano circular calado propio da arquitectura románica ou gótica. Xeralmete está situado nas fachadas das igrexas e catedrais de época medieval.